

## CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS A UNIVERSITARIOS/ AS NO CURSO 2015/2016

### **Primeira. Natureza, obxecto e crédito orzamentario**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de O Pino para a concesión de bolsas de estudo, curso 2016/2017, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar, así como de transporte ou estancia, destinada a alumnos cursando estudos de carácter universitario, matriculados en centros de carácter oficial.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 334.480.00.

### **Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación**

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar o solicitante empadroado e ter residencia efectiva no Concello de O Pino, cunha antigüidade mínima dun ano. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Estar matriculado en ensino universitario no curso 2016/2017. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.
- Ter ingresos inferiores aos especificados na seguinte escala e diferenciando o número de membros da unidade familiar

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	INGRESOS MÍNIMOS
—	
1 a 3	18.000 €
4	21.000 €
5	24.000 €
6	27.000 €
7	30.000 €
—	

- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante unha declaración responsable e declaración da renda.

### **Terceira. Gastos Subvencionables.**

Poderán ser obxecto de axuda todos aqueles gastos relacionados directamente co desenvolvemento dos estudos universitarios tales como gastos de material académico, importe de matrícula, transporte, residencia etc

#### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instructor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleira de Educación e cultura.

O órgano Colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída polo Alcalde, Concelleira de Educación e Cultura e a Secretaria-Interventora.

O órgano competente para a concesión das bolsas é a Xunta de goberno Local, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### **Quinta – Documentación a presentar**

- \* Resguardo da matrícula e folla académica (notas obtidas no último ano cursado)
- \* Instancia de solicitude da axuda
- \* Fotocopia do DNI
- \* Libro de familia
- \* Certificado de empadronamento no que conste a data de alta no padrón de habitantes
- \* Declaración responsable dos ingresos da unidade familiar
- \* Recibos ou facturas xustificativas dos gastos a subvencionar
- \* Declaración de non estar incurso en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da lei xeral de subvencións
- \* Acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias ou autorización para que sexa pedida dende o Concello.

#### **Sexta- Prazo para a presentación da solicitude.**

As solicitudes presentaranse ata o 31 de maio , no rexistro municipal do Concello de 8:30 a 2:30 (luns a venres) , ou lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude virá acompañada da documentación a que se refíre a base quinta.

#### **Sétima – Contía das axudas**

Concederanse dez bolsas de axudas de 300 € aos que reunindo os requisitos acrediten os ingresos familiares máis baixos, có límite de crédito orzamentario de 3.000,00.-€

#### **Oitava- Obriga dos beneficiarios**

Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar tanta información lles sexa requerida polo Consello de Contas. O Concello resérvase a posibilidade de revisión das bolsas concedidas pola alteración das condicións que se tiveron en conta para o seu outorgamento. Procederá o reintegro das cantidades percibidas con esixencia do interese de demora dende o momento do pago nos casos que se tivese obtido sen reuni-los requisitos requeridos para elo, ou se incumprise a finalidade para a que foi concedida-

**Novena. Pagamento**

O pagamento das bolsas efectuarase por transferencia bancaria, para o cal o solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando esta conta mediante certificación bancaria entregada coa solicitude.

**Décima. Recursos**

O acordo que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente

**O Pino, a 2 de maio de 2017**

**O Alcalde,**

**Asdo/Manuel Taboada Vigo**